

## CONTRATACIÓN AUDITORÍA PROXECTO EUROPEO EMPATTICS

### 1.- OBXECTO E ALCANCE das actividades:

Precísanse as verificacións administrativas referidas aos ámbitos financeiro e administrativo do proxecto EMPATTICS, dentro do programa Horizon2020, e realizaranse sobre a documentación facilitada pola ACIS, beneficiario coordinador deste proxecto, acompañada coas listaxes detalladas dos gastos. O proxecto comezou en xaneiro de 2016 e rematará en maio de 2019. Todos os gastos estará debidamente xustificadas polas correspondentes facturas e/ou documentos probatorios do pagamento, expedientes de contratación, así como outros documentos relacionados co expediente. Estas verificacións requiren a comprobación das solicitudes da ACIS e a revisión do 100 % dos xustificantes de gasto, o que leva consigo a verificación exhaustiva dos documentos de pagamento que conforman estas solicitudes. Será necesaria unicamente unha verificación.

**Poderanse realizar na oficina do auditor ou nas dependencias do propio organismo beneficiario.**

En particular, estas verificacións deben abranguer:

- se o gasto corresponde ao período de subvencionabilidade e se se pagou;
- se o gasto corresponde a unha operación aprobada;
- se se cumpren as condicións do Programa, incluído, se procede, a porcentaxe de financiamento aprobada;
- se se cumpren as normas nacionais e da Unión en materia de subvencionabilidade;
- se os xustificantes son suficientes e existe unha pista de auditoría adecuada;
- cando se empreguen opcións de custos simplificados, se se cumpriron as condicións para os pagamentos;
- se se cumpren as normas en materia de axudas estatais, desenvolvemento sustentable, igualdade de oportunidades e non discriminación;
- se procede, se se cumpren as normas nacionais e da Unión en materia de contratación pública;
- se se respectan as normas nacionais e da Unión sobre publicidade;
- o avance físico da operación medido de acordo cos indicadores de produtividade comúns e específicos do Programa e, se procede, os indicadores de resultados e microdatos;
- a entrega do ben ou a prestación do servizo de forma plenamente conforme coas condicións do acordo de axuda individual.

Cómpre facer unha certificación ao final do proxecto, en inglés, de todos os gastos incorridos na execución do proxecto e, para esta elaboración, é necesario empregar o formulario do Anexo 5 do Acordo de Subvención ([http://ec.europa.eu/research/participants/docs/h2020-funding-guide/grants/applying-for-funding/register-an-organisation/certifications\\_en.htm#CFS](http://ec.europa.eu/research/participants/docs/h2020-funding-guide/grants/applying-for-funding/register-an-organisation/certifications_en.htm#CFS)).

2.- NÚMERO DE CONTROIS: un

3.- REQUISITOS do auditor: estar inscrito no ROAC

4.- ORZAMENTO máximo destinado ao servizo: 4.000 EUROS (IVE incluído)

5.- DATA LÍMITE ENTREGA DO ORZAMENTO: 8 marzo 2019

**As empresas que desexen participar no proceso de selección deberán enviar unha proposta a [innovacion.acis@sergas.es](mailto:innovacion.acis@sergas.es)**